



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2024.00196

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E PROMOCIÓN DUN PROGRAMA DE RUTAS PARA A INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO GASTRONÓMICO MATERIAL E INMATERIAL - FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU (COMPOÑENTE 14 INVERSIÓN 1)_PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO (PSTD) VÍA VERDE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE (EIXO 4.ACTUACIÓN16). EXPEDIENTE PCO.001.2024.00196

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

RESOLVO:

1. Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares asinado polo Servizo de Patrimonio e Contratación o 4 de setembro de 2024, adaptado ao Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares para a adxudicación mediante procedemento aberto con múltiples criterios de contratos de servizos financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR), aprobado polo Pleno da Corporación na sesión de data 24 de novembro de 2023, e aprobar o prego de prescricións técnicas asinado polo Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego o 3 de maio de 2024, dos seguintes servizos:

CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E PROMOCIÓN DUN PROGRAMA DE RUTAS PARA A INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO GASTRONÓMICO MATERIAL E INMATERIAL - FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU (COMPOÑENTE 14 INVERSIÓN 1)_PSTD VÍA VERDE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE (E4.A16).

COMPOÑENTE: 14 – Plan de modernización e competitividade do sector turístico

INVERSIÓN: 1 – Transformación do modelo turístico cara a sostibilidade

PROXECTO: Submedida 2: Programa de Plans de Sostibilidade Turística en Destinos

Código de proxecto: 2023.3.81990.4

Eixo 4: Competitividade

Actuación 16: Servizo de deseño e promoción dun programa de rutas para a interpretación do patrimonio gastronómico material e inmaterial

Codificación: E4.A16

nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: servizos

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prazo de execución: A duración do contrato será dun máximo de 11 meses a contar dende a data de formalización do contrato en documento administrativo.

1.3. Orzamento máximo:

A) Orzamento sen IVE:	67.440,04 €
B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) ao 21%:	14.162,41 €
C) Orzamento IVE incluído (A+B):	81.602,45 €

1.4. Valor estimado: 67.440,04 €

1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4548/22699, RC 220240021131

O contrato finánciase con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU (PRTR) de acordo co establecido no seguinte convenio de colaboración asinado o 09 de outubro de 2023:

CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA VÍA VERDE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXTGENERATIONEU

2.- Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria.